

# PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO



IES PLURILINGÜE SAN ROSENDO

MONDOÑEDO

Curso 2018-2019

## ÍNDICE

### 1. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO ACTUALIZADO DO CENTRO

- 1.1. Contorno sociolingüístico do centro
- 1.2. Situación do profesorado
- 1.3. Situación do alumnado
- 1.4. Situación lingüística do centro

### 2. DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS ADECUADOS A CADA UN DOS CATRO PUNTOS ANTERIORES

- 2.1. Contorno sociolingüístico do centro
- 2.2. Situación do profesorado
- 2.3. Situación do alumnado
- 2.4. Situación lingüística do centro

### 3. DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA CADA UN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

### CADRO-RESUMO DE ACTIVIDADES (ANEXO II)

## 1. Breve estudo sociolingüístico do IES San Rosendo

### 1.1. Contorno sociolingüístico do centro

O IES San Rosendo é centro de referencia obrigada para boa parte da vella provincia de Mondoñedo, non só por desempeñar a actividade educativa que lle compete, senón tamén por servir de axente dinamizador dunha sociedade gravemente afectada pola crise demográfica. Xente nova de aldeas e vilas de Mondoñedo, Abadín, Lourenzá e doutros concellos e provincias, así como de comunidades veciñas (Asturias e León), buscan no San Rosendo a base para abrir o seu camiño na vida. Xeracións que en moitos casos se suman a outras anteriores de pais e nais que tamén compartiron aulas no centro e que igualmente fixeron del un activo punto de partida para o seu futuro. Historia, coñecemento, lecer e sensibilidade co territorio conforman de xeito natural a personalidade do IES San Rosendo e fan que a actividade diaria se volva comprometida e tamén gratificante.

Transformouse, iso si, o medio e o modo de vida da xente. O abandono da actividade rural, masiva ata hai ben pouco, deriva na busca de alternativas laborais en parte aínda relacionadas coa agricultura e coa gandería, mais en parte tamén xa distanciadas do campo. Como é lóxico, esta situación ten consecuencias culturais fondas, que levan á adopción de actitudes desfavorables en relación á nosa lingua e á nosa identidade.

Aínda así, non padece o IES San Rosendo a situación crítica que, por desgraza, é pan de cada día dunha boa parte dos centros educativos e da sociedade galega no seu conxunto. O alumnado do noso centro, igual ca o seu contorno social, ten o galego como idioma básico de comunicación oral e así o emprega habitualmente na maioría dos contextos. É a lingua de uso doméstico por excelencia e apta, polo tanto, para as relacións sociais máis frecuentes: entre a familia, no barrio, na parroquia, no medio urbano máis próximo; e mesmo en ámbitos pouco dados ao uso do noso idioma, como sucede, por exemplo, na relación das familias do alumnado co centro.

Mais tamén aquí, loxicamente, permanece aberta a fenda do descoñecemento e do autoodio que obriga en moitos casos ao abandono do galego e á instalación do castelán en ámbitos considerados de *maior prestixio* ou indicadores de *modernidade*: en consultas con especialistas médicos ou outro tipo de profesionais, ou con xente descoñecida ou de procedencia urbana xa se busca o acubillo do castelán “*para non ser menos*”; igual camiño leva o uso das novas tecnoloxías.

Esa é tamén a situación da práctica escrita. Tristemente, escribir en galego é

un problema para a sociedade galegofalante: emprégase moi pouco, e o pouco que se escribe apóiase na lingua oral, nunha práctica que condena o galego a ser só ferramenta de textos pouco elaborados e de uso doméstico. Neste aspecto tampouco aquí é estraña a situación, pois gran parte da sociedade carece da formación suficiente para escribir en galego ou non sente a necesidade de empregalo como modelo; e máis tendo o castelán como referente case exclusivo desta práctica, continuamente promocionado por todo tipo de medios que fan invisible o noso idioma e que impiden consideralo como alternativa.

Deste xeito vemos como o exercicio de dinamización da nosa lingua entre esta comunidade educativa debe axustarse a unha realidade ambivalente. O galego vive entre nós e segue sendo útil para o uso oral na vida cotiá, mais tamén leva xa impreso o selo de “lingua non apta” para empregar en ámbitos considerados máis elevados ou cultos. A súa invisibilidade na escrita e as dificultades para acceder masivamente a ferramentas xa imprescindibles para sentila útil e práctica leva a esta sociedade aínda galegofalante a prescindir continuamente do idioma falado e optar, sen grandes dificultades, polo castelán. O galego é o idioma da casa, do contorno; mais o castelán é o idioma que nunca falla fóra do medio máis próximo, sempre apropiado para calquera circunstancia.

De non se producir un cambio substancial na actitude e nos hábitos lingüísticos da sociedade galega, encabezado polos poderes públicos, nada impedirá o progresivo deterioro e posterior substitución do idioma propio tamén aquí, no corazón da Galicia galegofalante. Reforzar o amor polo noso, o amor pola lingua de noso, polo seu emprego libre de prexuízos; imprimirlle a idea de futuro da man da xente nova, desde a casa, desde o centro educativo, son as ideas que conforman o eixo da actividade do equipo de dinamización e normalización lingüística do IES San Rosendo.

## **1.2. A situación do profesorado**

O galego é o idioma de uso común para a maioría das 49 persoas (38 funcionarios e funcionarias e 11 en situación de interinidade que conforman o profesorado do IES Plurilingüe San Rosendo, realidade que inclúe tamén o exercicio docente. Na tarefa de devolverlle o prestixio perdido ao noso idioma, sobre todo entre os sectores sociais máis proclives a prescindir del, é moi importante o exercicio desta normalidade lingüística que realiza a maioría do profesorado, demostrando que en galego se pode vivir e se pode divulgar calquera tipo de coñecemento. É evidente que o ENDL ten nel o mellor apoio.

É moi importante insistir tamén na necesidade de achegar todos os recursos posibles para exercer con maior eficacia a docencia en galego, moi especialmente no campo da ciencia e das novas tecnoloxías.

### 1.3. A situación do alumnado

ESO e Bacharelato contan no curso actual con 227 alumnos e alumnas procedentes maioritariamente dos concellos de Mondoñedo, Lourenzá e Abadín; o alumnado dos Ciclos Formativos e FP Básica confórmanos 71 estudantes procedentes dos tres concellos citados e doutros da comarca da Mariña e da provincia de Lugo, e tamén da Coruña e de Ourense; de fóra de Galicia hai alumnado de Asturias e de Castela-León. Asisten tamén 17 persoas ao curso That's English que se imparte no centro.

O galego é o idioma de uso habitual e case exclusivo da maioría do alumnado e, aínda que o valora e defende a necesidade da súa conservación e utilización, asoman tamén na súa actitude dúbidas e complexos derivados da certeza de que hai ámbitos nos que a nosa lingua non goza da consideración social que si fai apto o castelán en calquera circunstancia. Esta constatación sinala unha vía contraditoria que no futuro pode supoñer, en moitos casos, o abandono do idioma propio e a adopción de falacias e costumes antigalegos.


Neste aspecto cómpre reforzar a súa predisposición natural a facer vida na lingua propia, aportando información e ferramentas que o asentem no seu uso agora e no futuro. Convén tamén favorecer a adopción de medidas relativas á mellora do galego oral, acurtando a distancia entre esta práctica e a escrita, que igualmente se procuraría ampliar ás familias.

Non destacan entre o alumnado posicións contrarias ao uso da nosa lingua. Mención especial neste aspecto merece o que non é de procedencia galega e que habitualmente emprega outros idiomas: a súa adaptación a un medio proclive ao uso normal do galego produce naturalmente a súa inserción lingüística sen traumas de ningún tipo.

O ENDL leva o nome de *Ollomao* pola súa virtude “*contra o meigallo do galego*”, tal e como dixo Antonio Reigosa, cronista oficial de Mondoñedo. Loitando tamén contra o meigallo da incompatibilidade horaria, mantén ano tras ano unha acollida moi positiva por parte do alumnado. Aínda sendo vítimas da prisa constante, son os picariños e picariñas que acoden puntualmente ás reunións “cos deberes feitos” o verdadeiro motor para que o equipo ande, confirmando tamén dese xeito a necesidade que a comunidade ten del.

### 1.4. A situación lingüística do centro

FONDO SOCIAL EUROPEO  
“O FSE inviste no teu futuro”



Como se deduce do xa exposto, a situación lingüística do IES San Rosendo no tocante a profesorado e alumnado é favorable ao uso e á divulgación da nosa lingua. Outro tanto cómpre dicir das 7 persoas que integran o cadro do persoal non docente: empregan o galego con normalidade, mostrando sempre co equipo unha actitude solícita e amplamente xenerosa. Idéntica actitude mantén tamén a persoa que ten a concesión da cafetería do centro. Como non podía ser doutro xeito, o centro cumpre a Lei de Normalización no tocante a documentación, rotulado de carteis, na relación coas familias, en claustros, reunións informativas...

## **2. Descrición dos obxectivos adecuados a cada un dos catro puntos anteriores**

### **2.1. Contorno do centro**

- Impulsar a estima e a valoración do galego como idioma propio de Galicia, apoiando a maioría social que o emprega e procurando a recuperación de sectores e ámbitos menos proclives ao seu uso.
- Fomentar o uso oral e escrito da lingua galega en calquera ámbito, ofrecendo de ser preciso apoio lingüístico para melloralo.
- Contribuír con información e sensibilidade á superación de todo tipo de prexuizos ideolóxicos ou sociais relativos ao uso da lingua.
- Contribuír á promoción da lingua galega na zona, colaborando con institucións públicas e privadas na realización de actividades que favorezan a normalización lingüística e a difusión da nosa cultura.
- Colaborar con outros centros de ensino e entidades externas na realización de actividades, celebracións de festas e conmemoracións.

### **2.2. Profesorado**

- Promover a participación en convocatorias de animación ao uso do galego tanto na expresión escrita como na oral.
- Potenciar a implicación en propostas colectivas e en actividades enfocadas ao uso da nosa lingua e á promoción da nosa cultura.
- Asesorar no posible sobre materiais curriculares, bibliografía e actividades encamiñadas á animación lectora e a potenciar o coñecemento das diferentes manifestacións cultura galega.

- Colaborar na elaboración de proxectos que supoñan potenciar o uso do galego e a difusión da nosa cultura.
- Fomentar o uso da lingua galega nas novas tecnoloxías.
- Promover a colaboración con outros centros en actividades encamiñadas a potenciar o uso e valoración da lingua propia e da nosa cultura.

### **2.3. Alumnado**

- Potenciar unha actitude activa nas actividades a realizar.
- Propiciar o uso da lingua galega nas distintas manifestacións da vida do centro, animando o alumnado a que produza todo tipo de textos no noso idioma, coidando a expresión oral e escrita.
- Fomentar a conservación e a divulgación da nosa cultura.
- Valorar a xente maior do noso medio como fonte de información e cultura.
- Fomentar o gusto e o hábito lector en galego.
- Crear conciencia de galeguidade que fortaleza a práctica lingüística da maioría galegofalante e anime o resto ao uso do noso idioma, superando complexos aínda existentes.

### **2.4. Centro**

- Potenciar o uso do galego e valoralo como un instrumento de comunicación no centro.
- Fomentar o uso normal da lingua galega na relación entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar o uso do galego na utilización das novas tecnoloxías.
- Colaborar con outros grupos de traballo ou equipos, en especial co da Biblioteca, na elaboración de proxectos e de actividades que se axusten aos obxectivos marcados.
- Coordinar actividades propias con outras organizadas no centro que supoñan un soporte ou avance para o uso normal da lingua.
- Fomentar a participación en convocatorias feitas pola Consellería de

Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e entidades e organismos que teñan como obxectivo a defensa e a promoción do galego.

Ademais, e como obxectivos básicos do proxecto comúns a toda a comunidade educativa, debemos incluír os que seguen:

- Divulgar a actividade do ENDL Ollomao e fortalecer a súa dinámica para seguir dándolle vida á nosa lingua, tanto con proxectos propios como asumindo outros que se organicen durante o curso.
- Animar á participación apoiándonos tamén na utilidade das novas tecnoloxías: correo electrónico ([ollomao.endl@gmail.com](mailto:ollomao.endl@gmail.com)), blog da Biblioteca, perfil en Facebook do IES San Rosendo...
- Realizar actividades sempre abertas á comunidade, procurando a súa implicación e o seu apoio.

### 3. Actividades de dinamización lingüística

Algunhas consideracións previas:

- A escaseza de tempo material para actuar como equipo condiciona enormemente o traballo e impide desenvolver o proxecto tal e como consideramos que se debería facer. Os problemas que xorden á hora de conciliar os horarios das persoas que conformamos o ENDL supoñen un permanente atranco para a organización do traballo, sendo o altruísmo de profesorado e alumnado o que a maioría das veces logra, milagrosamente, asentar o proxecto e avanzar. Cada ano sinalamos este obstáculo sen que se albisque na autoridade educativa interese en lle dar solución.
- Ademais do apoio do Equipo Directivo do centro, ten Ollomao no de Biblioteca o seu mellor soporte, sendo as profesoras que o compoñen tamén parte activa do ENDL. Ambos equipos acumulan forzas sen perder a identidade de cada grupo, de maneira que o proxecto *Pintar e crear* sobre o que xira este ano a actividade da biblioteca é tamén asumido por Ollomao, que fará del un fio condutor das actividades que organice.
- O ENDL Ollomao participará igualmente noutros proxectos que se leven a cabo durante o curso, nuns casos como apoio lingüístico e noutros colaborando na realización da actividade. Cabe destacar entres eles o Proxecto Rebinxe organizado polo departamento de Bioloxía, gañador do Galiciencia 2018 polo seu traballo de recuperación da biodiversidade no medio rural. A coincidencia de obxectivos permite a realización conxunta de actividades, que durante este curso se centrarán na figura do **lobo**, criatura esencial da nosa cultura.



- Materia pendente é a colaboración cos ENDL dos CEIP Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo, Juan Rey de Lourenzá e Aquilino Iglesia Alvariño de Abadín. Promoverémola este curso coa realización dunha campaña conxunta que abra a vía para levar a cabo en común futuros proxectos.
- Como se demostrou en anos pasados, o coñecemento histórico e cultural da realidade máis próxima constitúe unha base segura para levar a cabo a tarefa normalizadora entre a comunidade educativa. Por tal motivo, habémoslle dar continuidade á iniciativa que denominamos *Mondoñedo como punto de partida: saber quen somos*, entendendo Mondoñedo como elemento de cohesión do amplo territorio que conformou noutro tempo unha provincia, e concentrando loxicamente o interese nos lugares de procedencia do alumnado. Queremos contribuír un ano máis á difusión da riqueza cultural e patrimonial desta parte do país desde distintas perspectivas, fomentando a investigación e a divulgación de diferentes aspectos da súa idiosincrasia co obxectivo de mellorar o nivel de autoestima do alumnado e de favorecer a apreciación da diversidade como riqueza e contribución necesaria ao acervo común que é a cultura galega.

Xa concretando, as actividades que Ollomao propón para levar a cabo durante este curso son as que a continuación se describen:

### 3.1. **Coñecendo Mondoñedo:**

- **Catedral Aberta**
- **Recunchos de historias e de historia**

- *Actividade que incide no uso real da lingua galega na vida cotiá, tamén neste caso como lingua para informar e da que informar, atendendo á vertente instrumental, á teórica e á afectiva.*
- *Actividade que busca consolidarse como proxecto común de diferentes departamentos.*
- *Implicación na actividade de toda a comunidade educativa.*
- *Participan nesta actividade o Equipo de Biblioteca e os departamentos de Xeografía e Historia e de Lingua Galega e Literatura.*

Faremos de novo da nosa cidade escenario de dúas actividades: coñecer a catedral e pasear polos currunchos da cidade cheos de historias e de historia da man do mindoniense Xulio Rodríguez, bo coñecedor e divulgador do noso.

De ser posible, procuraríase ampliar a actividade ao concello de Lourenzá, visitando o Mosteiro de San Salvador e o Pazo de Tovar.

### **3.1.1. Obxectivos do proxecto que se pretenden lograr coa realización desta actividade:**

#### **a) Contorno do centro**

- Impulsar a estima e a valoración do galego como idioma propio de Galicia, apoiando a maioría social que o emprega e procurando a recuperación de sectores e ámbitos menos proclives ao seu uso.
- Fomentar o uso oral e escrito da lingua galega en calquera ámbito, ofrecendo de ser preciso apoio lingüístico para melloralo.
- Contribuír con información e sensibilidade á superación de todo tipo de prexuízos ideolóxicos ou sociais relativos ao uso da lingua.
- Contribuír á promoción da lingua galega na zona, colaborando con institucións públicas e privadas na realización de actividades que favorezan a normalización lingüística e a difusión da nosa cultura.
- Colaborar con outros centros de ensino ou entidades externas na realización de actividades, celebracións de festas e conmemoracións.

#### **b) Profesorado**

- Promover a participación en convocatorias de animación ao uso do galego tanto na expresión escrita como na oral.
- Potenciar a implicación en propostas colectivas e en actividades enfocadas ao uso da nosa lingua e á promoción da nosa cultura.
- Colaborar na elaboración de proxectos que supoñan potenciar o uso do galego e a difusión da nosa cultura.
- Fomentar o uso da lingua galega nas novas tecnoloxías.

#### **c) Alumnado**

- Potenciar unha actitude activa nas actividades a realizar.

- Propiciar o uso da lingua galega nas distintas manifestacións da vida do centro (exposicións, traballos colectivos e individuais de creación e expresión...), animando o alumnado a que produza todo tipo de textos no noso idioma, coidando a expresión escrita.
- Fomentar a conservación e a divulgación da nosa cultura.
- Valorar a xente maior do noso medio como fonte de información e cultura.
- Crear conciencia de galegitude que fortaleza a práctica lingüística da maioría galegofalante e anime o resto ao uso do noso idioma, superando complexos aínda existentes.

#### **d) Centro**

- Potenciar o uso do galego e valoralo como un instrumento de comunicación no centro.
- Fomentar o uso normal da lingua galega na relación entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar o uso do galego na utilización das novas tecnoloxías.
- Colaborar con outros grupos de traballo ou equipos na elaboración de proxectos e de actividades que se axusten aos obxectivos marcados.
- Coordinar actividades propias con outras organizadas no centro que supoñan un soporte ou avance para o uso normal da lingua.

- *Actividade que incide no uso real da lingua galega na vida cotiá, atendendo á vertente instrumental, á teórica e á afectiva.*
- *Implicación na actividade de toda a comunidade educativa, con especial atención á participación nela das familias do alumnado.*
- *Utilización das TIC na súa realización.*
- *Participan nesta actividade o Equipo de Biblioteca e os departamentos de Educación Plástica e Visual e de Lingua Galega e Literatura.*

### **3.2. Colaboración co proxecto *Pintar e crear*.**

Ademais de asumir o proxecto como referente da actividade do equipo, propoñemos as seguintes actividades dirixidas ao alumnado:

- ***Píntanos a lingua!***  
Concurso de carteis que permitan manifestar o sentimento que o idioma suscita.
- ***Galego, idioma da miña vida***  
Concurso de adhesivos no que se valorará tanto a orixinalidade e a calidade de lemas e motivos como a súa relación co territorio e coa cultura popular da zona.

### **3.2.1. Obxectivos do proxecto que se pretenden lograr coa realización desta actividade:**

#### **a) Contorno do centro**

- Impulsar a estima e a valoración do galego como idioma propio de Galicia, apoiando a maioría social que o emprega e procurando a recuperación de sectores e ámbitos menos proclives ao seu uso.
- Fomentar o uso oral e escrito da lingua galega en calquera ámbito, ofrecendo de ser preciso apoio lingüístico para melloralo.
- Contribuír con información e sensibilidade á superación de todo tipo de prexuízos ideolóxicos ou sociais relativos ao uso da lingua.
- Contribuír á promoción da lingua galega na zona, colaborando con institucións públicas e privadas na realización de actividades que favorezan a normalización lingüística e a difusión da nosa cultura.
- Colaborar con outros centros de ensino e entidades externas na realización de actividades.

#### **b) Profesorado**

- Promover a participación en convocatorias de animación ao uso do galego tanto na expresión escrita como na oral.
- Potenciar a implicación en propostas colectivas e en actividades enfocadas ao uso da nosa lingua e á promoción da nosa cultura.
- Colaborar na elaboración de proxectos que supoñan potenciar o uso do galego e a difusión da nosa cultura.

- Fomentar o uso da lingua galega nas novas tecnoloxías.

### **c) Alumnado**

- Potenciar unha actitude activa nas actividades a realizar.
- Propiciar o uso da lingua galega nas distintas manifestacións da vida do centro.
- Fomentar a conservación e a divulgación da nosa cultura.
- Valorar a xente maior do noso medio como fonte de información e cultura.
- Crear conciencia de galegitude que fortaleza a práctica lingüística da maioría galegofalante e anime o resto ao uso do noso idioma, superando complexos aínda existentes.

### **d) Centro**

- Potenciar o uso do galego e valoralo como un instrumento de comunicación no centro.
- Fomentar o uso normal da lingua galega na relación entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar o uso do galego na utilización das novas tecnoloxías.
- Colaborar con outros grupos de traballo ou equipos.
- Coordinar actividades propias con outras organizadas no centro que supoñan un soporte ou avance para o uso normal da lingua.

### **3.3. Hoxe e mañá, en galego si!**

- *Actividade que incide no uso real da lingua galega na vida cotiá, con especial atención á vertente afectiva.*
- *Implicación na actividade de toda a comunidade educativa.*
- *Utilización das TIC na súa realización.*
- *Colaboración con outros centros educativos (CEIP Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo, Juan Rey de Lourenzá e Aquilino Iglesia Alvariño de Abadín).*

- *Participan nesta actividade o Equipo de Biblioteca e os departamentos de Educación Plástica e Visual, Informática e Lingua Galega e Literatura.*
- *Potenciarase tamén a implicación das titorías.*

Actividade organizada en común cos ENDL dos CEIP Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo, Juan Rey de Lourenzá e Aquilino Iglesia Alvariño de Abadín. Trataríase de poñer en valor o feito indiscutible de sermos unha comunidade educativa que aínda fai do noso idioma a ferramenta básica coa que andar cada día “os camiños da vida”. Celebrar ese feito nun tempo de esmorecemento masivo da lingua galega parece motivo suficiente para lle dar xeito a unha actividade que buscaría manifestar o compromiso persoal do alumnado co idioma dun xeito claro e sincero, individualmente ou en pequenos grupos, mediante a realización de textos breves en prosa ou verso, vídeos, cancións, debuxo, pintura ou fotografía onde conste a experiencia afectiva coa lingua propia. Levaríase a cabo no IES San Rosendo unha exposición colectiva dos traballos durante unha xornada de convivencia que se completaría cun concerto e lectura de textos no que participaría o alumnado dos catro centros.

**Obxectivos do proxecto que se pretenden lograr coa realización desta actividade:**

**a) Contorno do centro**

- Impulsar a estima e a valoración do galego como idioma propio de Galicia, apoiando a maioría social que o emprega e procurando a recuperación de sectores e ámbitos menos proclives ao seu uso.
- Fomentar o uso oral e escrito da lingua galega en calquera ámbito, ofrecendo de ser preciso apoio lingüístico para melloralo.
- Contribuír con información e sensibilidade á superación de todo tipo de prexuizos ideolóxicos ou sociais relativos ao uso da lingua.
- Contribuír á promoción da lingua galega na zona, colaborando con institucións públicas e privadas na realización de actividades que favorezan a normalización lingüística e a difusión da nosa cultura.
- Colaborar con outros centros de ensino e entidades externas na realización de actividades.

### **b) Profesorado**

- Promover a participación en convocatorias de animación ao uso do galego tanto na expresión escrita como na oral.
- Potenciar a implicación en propostas colectivas e en actividades enfocadas ao uso da nosa lingua e á promoción da nosa cultura.
- Colaborar na elaboración de proxectos que supoñan potenciar o uso do galego e a difusión da nosa cultura.
- Fomentar o uso da lingua galega nas novas tecnoloxías.

### **c) Alumnado**

- Potenciar unha actitude positiva nas actividades a realizar.
- Propiciar o uso da lingua galega nas distintas manifestacións da vida do centro.
- Fomentar a conservación e a divulgación da nosa cultura.
- Poñer en valor o feito de ser no século XXI persoas asentadas no uso habitual do galego.
- Valorar a tradición familiar e social que contribuíu a asentalo no idioma propio, e especialmente a xente maior como fonte de información e cultura.
- Crear conciencia de galegitude que fortaleza a práctica lingüística da maioría galegofalante e anime o resto ao uso do noso idioma.

### **d) Centro**

- Potenciar o uso do galego e valoralo como un instrumento de comunicación no centro.
- Fomentar o uso normal da lingua galega na relación entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar o uso do galego na utilización das novas tecnoloxías.
- Colaborar con outros grupos de traballo ou equipos.

- Coordinar actividades propias con outras organizadas no centro que supoñan un soporte ou avance para o uso normal da lingua.
- Colaborar con outros centros educativos da zona.

### 3.3. De onde somos

- *Actividade que incide no uso real da lingua galega na vida cotiá, neste caso como lingua para informar e tamén da que informar: vertente instrumental, teórica e afectiva.*
- *Implicación na actividade de toda a comunidade educativa, con especial atención á participación nela das familias do alumnado.*
- *Utilización das TIC na súa realización.*
- *Actividade a realizar durante dous cursos: elaboración e edición.*
- *Participan nesta actividade o Equipo de Biblioteca, os departamentos de Informática, Educación Plástica e Visual e Lingua Galega e Literatura.*

Esta actividade ten como obxectivo que o alumnado se recoñeza parte dunha colectividade humana ben definida, valorando a cultura popular viva no seu medio a través da divulgación daqueles aspectos que se consideren representativos, con especial atención á toponimia (lugares, barrios, parroquias, montes, prados, camiños...), en particular este ano a relacionada coa figura do **lobo**. Fomentárase o traballo en grupos, que se responsabilizarán do guión e da realización do proxecto en formato vídeo ou presentación. Procurárase a colaboración activa do contorno social do alumnado e mais da ANPA.

#### 3.3.1. Obxectivos do proxecto que se pretenden lograr coa realización desta actividade:

##### a) Contorno do centro

- Impulsar a estima e a valoración do galego como idioma propio de Galicia, apoiando a maioría social que o emprega e procurando a recuperación de sectores e ámbitos menos proclives ao seu uso.
- Fomentar o uso oral e escrito da lingua galega en calquera ámbito, ofrecendo de ser preciso apoio lingüístico para melloralo.



- Contribuír con información e sensibilidade á superación de todo tipo de prexuízos ideolóxicos ou sociais relativos ao uso da lingua.
- Contribuír á promoción da lingua galega na zona, colaborando con institucións públicas e privadas na realización de actividades que favorezan a normalización lingüística e a difusión da nosa cultura.

### **b) Profesorado**

- Promover a participación en convocatorias de animación ao uso do galego tanto na expresión escrita como na oral.
- Potenciar a implicación en propostas colectivas e en actividades enfocadas ao uso da nosa lingua e á promoción da nosa cultura.

### **c) Alumnado**

- Potenciar unha actitude activa nas actividades a realizar.
- Propiciar o uso da lingua galega nas distintas manifestacións da vida do centro (exposicións, traballos colectivos e individuais de creación e expresión...), animando o alumnado a que produza todo tipo de textos no noso idioma, coidando a expresión escrita.
- Fomentar a conservación e a divulgación da nosa cultura.
- Crear conciencia de galegitude que fortaleza a práctica lingüística da maioría galegofalante e anime o resto ao uso do noso idioma, superando complexos aínda existentes.

### **d) Centro**

- Fomentar o uso do galego na utilización das novas tecnoloxías.
- Colaborar con outros grupos de traballo ou equipos na elaboración de proxectos e de actividades que se axusten aos obxectivos marcados.

## **3.4. Terriña que nos criou**

- *Actividade que incide no uso real da lingua galega na vida cotiá, atendendo á vertente instrumental, á teórica e á afectiva.*
- *Implicación na actividade de toda a comunidade educativa, con especial atención á participación nela das familias do alumnado.*

- *Utilización das TIC na súa realización.*
- *Participan nesta actividade o Equipo de Biblioteca e os departamentos de Informática, Educación Plástica e Visual, Informática e Lingua Galega e Literatura.*

Promóvese un ano máis esta actividade encamiñada a fomentar entre o alumnado capacidade crítica co medio no que vive, que lle axude a diferenciar entre os elementos dignos de conservación e protección e os que non son merecedores dese rango. Repetirase o formato de concurso xa realizado en cursos pasados, que terá como finalidade valorar a conservación e a protección do noso patrimonio cultural e natural mediante a realización de fotos acompañadas dun breve texto explicativo que sinalen dous tipos de elementos presentes no barrio ou parroquia que se escolla: uns serán elixidos por considerar o alumnado que deben ser motivo de protección, e outros por consideralos agresións ou *feísmo*. O texto deberá incluír un verso ou fragmento da obra dun autor ou autora da zona. Estableceranse catro categorías e poderá participar todo o alumnado do centro, individualmente ou en grupo. Buscaremos o apoio da ANPA.

### **3.4.1. Obxectivos do proxecto que se pretenden lograr coa realización desta actividade:**

#### **a) Contorno do centro**

- Impulsar a estima e a valoración do galego como idioma propio de Galicia, apoiando a maioría social que o emprega e procurando a recuperación de sectores e ámbitos menos proclives ao seu uso.
- Fomentar o uso oral e escrito da lingua galega en calquera ámbito, ofrecendo de ser preciso apoio lingüístico para melloralo.
- Contribuír con información e sensibilidade á superación de todo tipo de prexuizos ideolóxicos ou sociais relativos ao uso da lingua.
- Contribuír á promoción da lingua galega na zona, colaborando con institucións públicas e privadas na realización de actividades que favorezan a normalización lingüística e a difusión da nosa cultura.

#### **b) Profesorado**

- Promover a participación do en convocatorias de animación ao uso do galego tanto na expresión escrita como na oral.

- Potenciar a implicación en propostas colectivas e en actividades enfocadas ao uso da nosa lingua e á promoción da nosa cultura.

### **c) Alumnado**

- Potenciar unha actitude activa por parte do alumnado nas actividades a realizar.
- Propiciar o uso da lingua galega nas distintas manifestacións da vida do centro (exposicións, traballos colectivos e individuais de creación e expresión...), animando o alumnado a que produza todo tipo de textos no noso idioma, coidando a expresión escrita.
- Fomentar a conservación e a divulgación da nosa cultura.
- Crear conciencia de galegitude que fortaleza a práctica lingüística da maioría galegofalante e anime o resto ao uso do noso idioma, superando complexos aínda existentes.

### **d) Centro**

- Fomentar o uso do galego na utilización das novas tecnoloxías.
- Colaborar con outros grupos de traballo ou equipos na elaboración de proxectos e de actividades que se axusten aos obxectivos marcados.

- *Actividade que incide no uso real da lingua galega na vida cotiá, tamén neste caso como lingua para informar e da que informar, atendendo á vertente instrumental, á teórica e á afectiva.*
- *Implicación na actividade de toda a comunidade educativa, con especial atención á participación nela das familias do alumnado.*
- *Utilización das TIC na súa realización.*
- *Actividade a realizar durante dous cursos: elaboración e edición.*
- *Participan nesta actividade o Equipo de Biblioteca e os departamentos de Informática, Educación Plástica e Visual e Lingua Galega e Literatura.*

## **3.5. Operación Rescate**

É frecuente escoitar persoas galegofalantes afirmar que o idioma que empregan “*non é galego*” ou non é “*galego puro*”. Agradecendo ao máximo a súa posición lingüística, asumimos como obriga axudarlles a valorar a lingua oral que empregan cada día, buscando conservar ou recuperar vocabulario e expresións características da zona, procurando a súa permanencia e o seu uso por parte da comunidade educativa. Nesta, como en moitas outras das actividades propostas, teñen un peso fundamental as persoas maiores, que serán a principal fonte de información. Trátase neste caso de preguntar, escoitar, gravar, recoller e fomentar a participación de toda a comunidade educativa, especialmente a do alumnado e a do profesorado e persoal non docente que reside na zona.

### **3.5.1. Obxectivos do proxecto que se pretenden lograr coa realización desta actividade:**

#### **a) Contorno do centro**

- Impulsar a estima e a valoración do galego como idioma propio de Galicia, apoiando a maioría social que o emprega e procurando a recuperación de sectores e ámbitos menos proclives ao seu uso.
- Fomentar o uso oral e escrito da lingua galega en calquera ámbito, ofrecendo de ser preciso apoio lingüístico para melloralo.
- Contribuír con información e sensibilidade á superación de todo tipo de prexuízos ideolóxicos ou sociais relativos ao uso da lingua.

#### **b) Profesorado**

- Promover a participación en convocatorias de animación ao uso do galego tanto na expresión escrita como na oral.
- Potenciar a implicación en propostas colectivas e en actividades enfocadas ao uso da nosa lingua e á promoción da nosa cultura.
- Colaborar na elaboración de proxectos que supoñan potenciar o uso do galego e a difusión da nosa cultura.

#### **c) Alumnado**

- Potenciar unha actitude activa por parte do alumnado nas actividades a realizar.
- Propiciar o uso da lingua galega nas distintas manifestacións da vida do

centro (exposicións, traballos colectivos e individuais de creación e expresión...), animando o alumnado a que produza todo tipo de textos no noso idioma, coidando a expresión escrita.

- Fomentar a conservación e a divulgación da nosa cultura.
- Valorar a xente maior do noso medio como fonte de información e cultura.
- Crear conciencia de galegitude que fortaleza a práctica lingüística da maioría galegofalante e anime o resto ao uso do noso idioma, superando complexos aínda existentes.

### **c) Centro**

- Potenciar o uso do galego e valoralo como un instrumento de comunicación no centro.
- Fomentar o uso normal da lingua galega na relación entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar o uso do galego na utilización das novas tecnoloxías.
- Colaborar con outros grupos de traballo ou equipos na elaboración de proxectos e de actividades que se axusten aos obxectivos marcados.

### **3.6. Arquivo da memoria**

- *Actividade que incide no uso real da lingua galega na vida cotiá, atendendo á vertente instrumental, á teórica e á afectiva.*
- *Implicación na actividade de toda a comunidade educativa, con especial atención á participación nela das familias do alumnado.*
- *Utilización das TIC na súa realización.*
- *Participan nesta actividade o Equipo de Biblioteca e os departamentos de Xeografía e Historia, Informática e Lingua Galega e Literatura.*

Trátase dunha campaña de recollida de información sobre aspectos identificadores da nosa personalidade colectiva, como tarefas ata hai pouco habituais no medio rural e hoxe perdidas (esfollar, mallar...), celebracións como feiras e festas...

#### **3.6.1. Obxectivos do proxecto que se pretenden lograr coa realización desta**

**actividade:**

**a) Contorno do centro**

- Impulsar a estima e a valoración do galego como idioma propio de Galicia, apoiando a maioría social que o emprega e procurando a recuperación de sectores e ámbitos menos proclives ao seu uso.
- Fomentar o uso oral e escrito da lingua galega en calquera ámbito, ofrecendo de ser preciso apoio lingüístico para melloralo.
- Contribuír con información e sensibilidade á superación de todo tipo de prexuízos ideolóxicos ou sociais relativos ao uso da lingua.
- Contribuír á promoción da lingua galega na zona, colaborando con institucións públicas e privadas na realización de actividades que favorezan a normalización lingüística e a difusión da nosa cultura.
- Colaborar con outros centros de ensino e entidades externas na realización de actividades, celebracións de festas e conmemoracións.

**b) Profesorado**

- Promover a participación en convocatorias de animación ao uso do galego tanto na expresión escrita como na oral.
- Potenciar a implicación en propostas colectivas e en actividades enfocadas ao uso da nosa lingua e á promoción da nosa cultura.
- Colaborar na elaboración de proxectos que supoñan potenciar o uso do galego e a difusión da nosa cultura.
- Fomentar o uso da lingua galega nas novas tecnoloxías.

**c) Alumnado**

- Potenciar unha actitude activa nas actividades a realizar.
- Propiciar o uso da lingua galega nas distintas manifestacións da vida do centro (exposicións, traballos colectivos e individuais de creación e expresión...), animando o alumnado a que produza todo tipo de textos no noso idioma, coidando a expresión escrita.

- Fomentar a conservación e a divulgación da nosa cultura.
- Valorar a xente maior do noso medio como fonte de información e cultura.
- Crear conciencia de galegitude que fortaleza a práctica lingüística da maioría galegofalante e anime o resto ao uso do noso idioma, superando complexos aínda existentes.

#### **d) Centro**

- Potenciar o uso do galego e valoralo como un instrumento de comunicación no centro.
- Fomentar o uso normal da lingua galega na relación entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar o uso do galego na utilización das novas tecnoloxías.
- Colaborar con outros grupos de traballo ou equipos na elaboración de proxectos e de actividades que se axusten aos obxectivos marcados.
- Coordinar actividades propias con outras organizadas no centro que supoñan un soporte ou avance para o uso normal da lingua.

**3.7. Organización e/ou participación en diversas campañas** orientadas a conmemorar en galego datas especiais, insistindo un ano máis na idea “*saber quen somos*”. Deste xeito, levarase a cabo a celebración do **Magosto e o Tempo dos Mortos**, que este ano servirá de homenaxe ao Proxecto Rebinxe. A idea de fomentar entre a comunidade educativa a necesidade de revitalizar o medio rural alenta esta e outras actividades xa clásicas na traxectoria de Ollomao, como a visita do **Apalpador**, labrego con ciencia e conciencia que a propia dinámica do centro foi creando ao longo do tempo, e que conforma co seu discurso e coa súa xente un dos momentos máis agardados do ano, chamando a atención sobre a necesidade de protección do noso patrimonio cultural e natural e denunciando os abusos que continuamente padece, apoiándose en cancións populares da zona e en textos de grandes poetas de aquí: Leiras Pulpeiro, Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro... Este ano queremoslle dar un xiro que ha ser ben celebrado: a incorporación da figura das **Apalpadoras**, abríndolle así a porta a un novo xeito de vivir a festa. E, como non, tamén este ano teremos **Entroido** e realizaremos outras actividades que a marcha do curso propicie, unhas de lecer e outras de denuncia. Ollomao adaptarase a cada unha delas empregando os recursos máis apropiados en cada caso: certames literarios, artísticos, organización de obradoiros, comparsas, expresión dramática... Mantemos tamén a idea xa reiterada noutras ocasións: de lograr

facер destas actividades hábito ou costume entre nós, buscaríase nunha segunda fase a implicación de centros, institucións e colectivos da zona, adaptando a actividade ao interese colectivo.

- *Actividades que inciden no uso real da lingua galega na vida cotiá.*
- *Implicación na actividade de toda a comunidade educativa.*
- *Utilización das TIC na súa realización.*
- *Futura colaboración con outros centros educativos e con institucións, entidades ou asociacións externas ao centro.*
- *Participa toda a comunidade educativa.*

### **3.7.1. Obxectivos do proxecto que se pretenden lograr coa realización desta actividade:**

#### **a) Contorno do centro**

- Impulsar a estima e a valoración do galego como idioma propio de Galicia, apoiando a maioría social que o emprega e procurando a recuperación de sectores e ámbitos menos proclives ao seu uso.
- Fomentar o uso oral e escrito da lingua galega en calquera ámbito, ofrecendo de ser preciso apoio lingüístico para melloralo.
- Contribuír con información e sensibilidade á superación de todo tipo de prexuízos ideolóxicos ou sociais relativos ao uso da lingua.
- Contribuír á promoción da lingua galega na zona, colaborando con institucións públicas e privadas na realización de actividades que favorezan a normalización lingüística e a difusión da nosa cultura.
- Colaborar con outros centros de ensino e entidades externas na realización de actividades, celebracións de festas e conmemoracións.

#### **b) Profesorado**

- Promover a participación en convocatorias de animación ao uso do galego tanto na expresión escrita como na oral.
- Potenciar a implicación do profesorado en propostas colectivas e en actividades a desenvolver dentro da aula enfocadas ao uso da nosa lingua



e á promoción da nosa cultura.

- Asesorar no posible sobre materiais curriculares, bibliografía e actividades encamiñadas á animación lectora e a potenciar o coñecemento das diferentes manifestacións cultura galega.
- Colaborar na elaboración de proxectos que supoñan potenciar o uso do galego e a difusión da nosa cultura.
- Fomentar o uso da lingua galega nas novas tecnoloxías.
- Promover a colaboración do profesorado con outros centros en actividades encamiñadas a potenciar o uso e valoración da lingua propia e da nosa cultura.

### **c) Alumnado**

- Potenciar unha actitude activa por parte do alumnado nas actividades a realizar.
- Propiciar o uso da lingua galega nas distintas manifestacións da vida do centro (exposicións, traballos colectivos e individuais de creación e expresión...), animando o alumnado a que produza todo tipo de textos no noso idioma, coidando a expresión escrita.
- Fomentar a conservación e a divulgación da nosa cultura.
- Valorar a xente maior do noso medio como fonte de información e cultura.
- Fomentar o gusto e o hábito lector en galego.
- Crear conciencia de galegidade que fortaleza a práctica lingüística da maioría galegofalante e anime o resto ao uso do noso idioma, superando complexos aínda existentes.

### **d) Centro**

- Potenciar o uso do galego e valoralo como un instrumento de comunicación no centro.
- Fomentar o uso normal da lingua galega na relación entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Colaborar con outros grupos de traballo ou equipos na elaboración de proxectos e de actividades que se axusten aos obxectivos marcados.

- Coordinar actividades propias con outras organizadas no centro que supoñan un soporte ou avance para o uso normal da lingua.

### 3.8. Déixame dicirche...

- *Actividade que incide no uso real da lingua galega na vida cotiá.*
- *Implicación na actividade de toda a comunidade educativa.*
- *Utilización das TIC na súa realización.*
- *Futura colaboración con outros centros educativos e con institucións, entidades ou asociacións externas ao centro.*
- *Participan nesta actividade o Equipo de Biblioteca e os departamentos de Educación Plástica e Visual, Informática e Lingua Galega e Literatura.*

Seleccionar cada trimestre un texto que reivindique o uso da lingua, aplicarlle un deseño ao xeito e repartilo entre a comunidade educativa para que se vexa en axendas, cadernos, carpetas... Tamén neste caso se buscaría a colaboración con outros equipos para a divulgación da actividade fóra do ámbito educativo (comercios, bares...), unha vez consolidada no centro.

#### 3.8.1. Obxectivos do proxecto que se pretenden lograr coa realización desta actividade:

##### a) Contorno do centro

- Impulsar a estima e a valoración do galego como idioma propio de Galicia, apoiando a maioría social que o emprega e procurando a recuperación de sectores e ámbitos menos proclives ao seu uso.
- Fomentar o uso oral e escrito da lingua galega en calquera ámbito, ofrecendo de ser preciso apoio lingüístico para melloralo.
- Contribuír con información e sensibilidade á superación de todo tipo de prexuízos ideolóxicos ou sociais relativos ao uso da lingua.
- Contribuír á promoción da lingua galega na zona, colaborando con institucións públicas e privadas na realización de actividades que favorezan a normalización lingüística e a difusión da nosa cultura.

- Colaborar con outros centros de ensino e entidades externas na realización de actividades, celebracións de festas e conmemoracións.

### **b) Profesorado**

- Promover a participación do profesorado en convocatorias de animación ao uso do galego tanto na expresión escrita como na oral.
- Potenciar a implicación en propostas colectivas e en actividades enfocadas ao uso da nosa lingua e á promoción da nosa cultura.
- Asesorar no posible sobre materiais curriculares, bibliografía e actividades encamiñadas á animación lectora e a potenciar o coñecemento das diferentes manifestacións cultura galega.
- Colaborar na elaboración de proxectos que supoñan potenciar o uso do galego e a difusión da nosa cultura.
- Promover a colaboración do profesorado con outros centros en actividades encamiñadas a potenciar o uso e valoración da lingua propia e da nosa cultura.

### **c) Alumnado**

- Potenciar unha actitude activa por parte do alumnado nas actividades a realizar.
- Propiciar o uso da lingua galega nas distintas manifestacións da vida do centro (exposicións, traballos colectivos e individuais de creación e expresión...), animando tamén o alumnado a que produza todo tipo de textos no noso idioma, coidando a expresión escrita.
- Fomentar a conservación e a divulgación da nosa cultura.
- Fomentar o gusto e o hábito lector en galego.
- Crear conciencia de galegitude que fortaleza a práctica lingüística da maioría galegofalante e anime o resto ao uso do noso idioma, superando complexos aínda existentes.

### **d) Centro**

- Potenciar o uso do galego e valoralo como un instrumento de

comunicación no centro.

- Fomentar o uso normal da lingua galega na relación entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar o uso do galego na utilización das novas tecnoloxías.

### 3.9. O tempo das palabras

- *Actividade que incide no uso real da lingua galega na vida cotiá, atendendo especialmente á vertente afectiva.*
- *Implicación na actividade de toda a comunidade educativa.*
- *Utilización das TIC na súa realización.*
